

## PRONOMES RELATIVOS

Os pronomes relativos, exclamativos e interrogativos comparten gran parte das súas formas e caracterízanse por marcar relacións entre elementos do contexto lingüístico ou extralingüístico. O seu significado varía dependendo deste elemento, pois funcionan como deícticos: *A casa en que vives, Que bicicleta tan vella tes!, Cantos días leva sen vir?*. Os relativos fan referencia a un termo anterior ou antecedente e introducen unha cláusula que o cualifica e define. As cláusulas que introducen os relativos poden ser de dous tipos: **explicativas**, cando non restrinxen o significado do antecedente e van escritas normalmente entre pausas: *A avogada, que estudara ben o caso, desmontou as teses da acusación*; ou **especificativas**, cando restrinxen o significado e non se escriben entre pausas: *A casa en que pasamos as vacacións de verán está moi preto da Praia*

### FORMAS:

**Invariables:** *que, quen, onde, cando, como*

**Variables en xénero e número:** *cuxo/a/os/as, canto/a/os/as*

**Variables en número.** *Cal/cales*

### USOS E VALORES:

- “Que” + infinitivo ten valor final, equivalente á preposición “para”: *Non ten nada que (=para) facer ata mañá.*
- “Como / coma quen” equivale a “do mesmo xeito”: *Andou como quen non coñece o camiño.*
- “Como / coma (quen) que” + verbo adquire o valor de “aparentar”, “finxir”: *Pasou tres anos en Ourense facendo como quen que estudaba/facendo coma que estudaba.*

- “(Non) ser quen” equivale a “(non) ser capaz”: *Aínda non fomos quen de rematar o exercicio.*
- “Quen” + verbo “querer” adquire valor indefinido: *Quen quer que o faga, debe dicilo.* “Onde vai que” ten valor temporal, “hai tempo que”: *Onde vai que non o vexo, xa non debe traballar aquí.*

## PRONOMES INTERROGATIVOS

Teñen as mesmas formas que os pronomes relativos, e poden ser variables (*cal-cales, canto-canta-cantos-cantas*) ou invariables (*que, quen, cando, onde, como, u*). Non obstante, diferéncianse dos relativos por ser formas tónicas e polo tipo de enunciado que introducen: oracións interrogativas

*Que dixeches?*

*Cantos van?*

*Cal foi?*

*U-la festa?*

## PRONOMES EXCLAMATIVOS

**Que** acompaña un substantivo, adxectivo ou adverbio e ten valor intensificador: *Que fame tiñamos ao chegar!, Que alto está Brais!, Que cedo me chamaron!* A construción “que de” ten valor ponderativo, indica gran cantidade e é equivalente a “canto”: *Que de argazo sacaron da praia!*

**Quen** é frecuente en oracións desiderativas: *Quen me dera que viñeses!*

**Canto**, igual que como relativo e interrogativo, fai referencia á cantidade: *Canta xente había na manifestación*

## QUE PRONOME/QUE CONXUNCIÓN

Como **pronome** temos tres clases diferentes:

- Pronome relativo: *O que máis me gustou do libro foi o final; Esta foi a rúa en que nacín.*
- Pronome interrogativo: *Que lugar é o que visitaremos mañá?; Que queres?*
- Pronome exclamativo: *Que lugar máis fermoso visitamos!*

Como **conxunción** pode ser:

- Conxunción completiva: *Din que cada vez se controla máis a emisión de gases.*
- Conxunción causal: *Vítor vai vir, que me chamou para avisarme.*
- Conxunción comparativa: *O comportamento de Iris é mellor que o teu.*
- Conxunción final: *Avisoume que lle trouxese os discos.*
- Conxunción disxuntiva: *Que acepte, que non acepte, a nós non debe preocuparnos.*

Ademais forma parte de varias locucións conxuntivas, con diversos valores: *aínda que, en caso de que, a pesar de que, de modo que, por máis que, a fin de que, a menos que...*